

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 664/2018

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado: _____

Data de iniciación: 31/08/2018

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista da memoria xustificativa da necesidade de contratación asinada en data 20 de xuño polo órgano de contratación e dos seguintes antecedentes:

- En data 26 de xuño de 2018, o Concello rexistra a resolución da Directora Xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias Núñez, na que se emite resolución favorable da subvención solicitada financiando 35.206'50 €.
- Vista Resolución de Presidencia de Deputación Provincial de Pontevedra de 18 de xullo pola que se concede unha subvención de 24.649,14 € (5.037,65 € para gastos de honorarios e 19.611,49 € para execución da obra) para o proxecto "Reforma de Planta baixa da Casa Consistorial" con cargo ó Plan Concellos 2018-2019.
- Decreto de Alcaldía nº 344 de 3 de xullo de 2018 polo que se aproba o proxecto técnico denominado "Reforma de Planta baixa da Casa Consistorial" e que foi obxecto de replanteo previo.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

"Reforma de Planta baixa da Casa Consistorial".			
Procedemento: aberto simplificado		Tramitación: ordinaria	Tipo de contrato: obras
Clasificación CPV: 45000000-7	Acepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non	Acepta variantes: Non
Orzamento base de licitación: 45.304,12 €		Impostos: 9.513,87 €	Total: 54.817,99 €
Valor estimado do contrato: 45.304,12 euros			
prazo execución: 1 mes			
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non

Vista a memoria xustificativa asinada polo órgano de contratación o 31 de agosto de 2018.

Visto informe de Intervención asinado o 31 de agosto respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 31 de agosto de 2018.

Visto o informe específico asinado polo órgano de contratación o 31 de agosto en cumprimento da Disposición adicional decimoquinta da Ley 9/2017 de Contratos do Sector Público relativo *as razóns polas que se considere necesario utilizar medios distintos dos electrónicos.*



Concello de Mondariz

Xustificada a non división en lotes do obxecto do contrato por existir motivos válidos recollidos no art. 99.3 y 116.4 g) LCSP, en consonancia co informe técnico de 3 de setembro de 2018.

Visto que pola Intervención se ten certificado a existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e informado sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto en data 4 de setembro de 2018.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade coa delegación de competencias acordada polo pleno en sesión extraordinaria de 12 de decembro de 2017 e coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado para a execución da obra "Reforma da planta baixa da Casa Consistorial", por importe total de 54.817,99 €, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 54.817,99 € e con cargo á aplicación orzamentaria 920.62201. A presente contratación está financiada pola Deputación de Pontevedra a través do Plan Concellos 2018/2019 e por Dirección Xeral de Administración Local ó abeiro da Orde de 4 de decembro de 2017.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, servindo como prego de Prescricións Técnicas o proxecto técnico aprobado mediante decreto nº 344 de 3 de xullo, que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas/proxecto. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

SEXTO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Presidente	D. Diego Lugilde López. Funcionario do Concello de Mondariz
Vogais	D ^a Yolanda Ortega Otero. Secretaria-Interventora do Concello de Mondariz.
Secretario	D ^a María del Carmen Blanco Fernández. Funcionaria do Concello de Mondariz.

En Mondariz a 4 de setembro de 2018, asinao o Sr.Alcalde do que como Secretaria dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



C/ Merouces, 16, Mondariz. 36870 Pontevedra
Tfno: 986 664 306 Fax: 986 656 006
info@concellodemondariz.com